



# MEMORIA DE ACTIVIDADE 2022

## FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061

## ÍNDICE:

### 1. DATOS XERAIS DA ENTIDADE

#### 1.1. ANTECEDENTES

#### 1.2. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

#### 1.3. ORGANIGRAMA

#### 1.4. PRINCIPAIS COMPETENCIAS

#### 1.5. RECURSOS HUMANOS

#### 1.6. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

### 2. DATOS DA ACTIVIDADE DURANTE O ANO 2022

#### 2.1. RESUMO DA ACTIVIDADE DA FPUSG-061

##### 2.1.1. CENTRAL DE COORDINACIÓN

##### 2.1.2. REDE DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DE GALICIA-061

##### 2.1.3. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

#### 2.2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

#### 2.3. OBXECTIVOS OPERATIVOS

#### 2.4. ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO 2022

#### 2.5. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

#### 2.6. INGRESOS DA FUNDACIÓN POLA SÚA ACTIVIDADE

#### 2.7. CONVENIOS FORMALIZADOS EN 2022

### 3. ANÁLISE DO GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS NO ANO 2022

### 4. RESUMO EXECUTIVO



## 1. DATOS XERAIS DA ENTIDADE

### 1.1. ANTECEDENTES

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061) é unha entidade sen ánimo de lucro, de competencia autonómica, con personalidade xurídica propia e inscrita, segundo a Orde do 5 de outubro de 1999, no rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Foi creada o 4 de decembro do ano 1995 polo Goberno de Galicia, ante a necesidade de desenvolver unha estratexia de resposta ás urxencias sanitarias. O Padroado é o órgano de goberno superior da Fundación, que asume o seu control e representación.


### 1.2. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

De conformidade co sinalado no Plan Estratéxico da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 2018-2021, o cal resulta de aplicación para o período 2022-2023, por canto o novo Plan Estratéxico ten como horizonte temporal: 2024-2028, son os seguintes:

- Misión é: "Ofrecer ao cidadán a solución inmediata mais adecuada ao seu problema de saúde".
- Visión: "Liderar a atención á urxencia e a emerxencia sanitaria en Galicia, de forma integral e centrada no paciente".
- Valores:
  1. Sensibilidade e respecto
  2. Orientación ao cidadán, vocación de servizo
  3. Universalidade, accesibilidade e equidade
  4. Mellora continua
  5. Liderado
  6. Compromiso cos obxectivos da organización
  7. Seguridade do paciente
  8. Desenvolvemento sostible



### 1.3. ORGANIGRAMA



A Xunta de Galicia asume a función de protectorado, a través da Consellería de Sanidade. A vinculación entre a FPUSG-061 e o Servizo Galego de Saúde-Consellería de Sanidade formalízase mediante contratos-programa que permiten vincular o funcionamento da Fundación cos criterios de planificación do Servizo Galego de Saúde e coas necesidades dos usuarios.

A FPUSG-061 está integrada por:

- A Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias-061 (CCUSG-061), situada na Estrada, no segundo andar do edificio do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE). Regulada pola Orde do 9 de outubro de 1995, pola que regúlase a coordinación da atención urxente extrahospitalaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 12 bases asistenciais de soporte vital avanzado situadas nas principais cidades galegas: dúas na cidade de A Coruña, e unha en cada unha das seguintes: Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Monforte, O Salnés, Mos e Foz, nas seguintes localizacións:





- Bases da Coruña.
  - Rúa Dr. Camilo Veiras, 2      15009 A Coruña.
  - Rúa Gregorio Hernández, 2      15011 A Coruña.
- Base de Ferrol.  
Hospital Básico da Defensa-Hospital Naval (Casa das Monxas)  
Estrada de San Pedro de Leixa, s/n. 15405 Ferrol (A Coruña)
- Base de Lugo.  
Centro de Saúde de Fingoi  
Rúa Armórica , s/n. 27002 Lugo
- Base de Santiago. Helicóptero e ambulancia asistencial de soporte vital avanzado.  
(Próxima ao Hospital Provincial de Conxo)  
Rúa Ramón Baltar, s/n . 15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
- Base de Pontevedra.  
Delegación Provincial Consellería de Sanidade  
Avda. de Vigo, 16 (interior). 36003 Pontevedra
- Base de Vigo.  
Hospital Nicolás Peña  
Avenida das Camelias, 109. 36211 Vigo (Pontevedra)
- Base de Mos.  
Hospital Psiquiátrico do Rebullón  
Avda. de Mos, s/n. 36416 Mos (Pontevedra)
- Base de Ourense:
  - Ambulancia asistencial de soporte vital avanzado.  
Hospital Cristal .  
Rúa Ramón Puga, s/n. 32005 Ourense
  - Helicóptero medicalizado.  
Hospital Santo Cristo de Piñor  
Estrada de Piñor, s/n. 32930 Barbadás (Ourense)
- Base de Foz.  
Centro de Saúde de Foz  
Rúa Pintor Laxeiro, s/n. 27780 Foz (Lugo)





- Base do Salnés.
  - De setembro a xuño:  
Hospital do Salnés nº 30  
36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
  - Xullo e agosto:  
PAC de Baltar  
Portonovo-Sanxenxo (Pontevedra)
- Base de Monforte de Lemos.  
Hospital de Monforte. Rúa Corredoira, s/n  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)

#### 1.4. PRINCIPAIS COMPETENCIAS

- A xestión e coordinación das demandas de asistencia sanitaria nos casos de emerxencia ou urxencia.
- A xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente de soporte vital básico e avanzado.
- O asesoramento médico telefónico e a información orientativa sobre servizos sanitarios.
- A organización e asesoría en materia de dispositivos sanitarios preventivos e asistenciais ante eventos de concorrencia pública.
- A asesoría e consultoría no desenvolvemento de plans organizativos relativos ao obxecto da Fundación.
- A colaboración coas administracións, corporacións, entidades ou particulares do que sexa a súa competencia ou actividade e teña incidencia ou sexan do seu interese para a consecución dos obxectivos da Fundación.
- A formación e investigación en materia de coordinación e asistencia sanitaria urxente, tanto do seu persoal como da poboación e os profesionais.



## 1.5. RECURSOS HUMANOS

Número medio de efectivos no ano 2022 e a súa comparativa co ano 2021 é a que segue:

Categoría	2022	2021
Director/a 061	1,00	1,00
Director/a Asistencial	1,00	0,97
Director/a Coordinación sanitaria	1,00	1,00
Director/a Xestión e S.X	1,00	1,00
Subdirector/a procesos asistenciais área de enfermaría	1,00	1,00
Técnico de xestión	2,00	2,00
Oficial adtvo.Responsable área	2,00	2,00
Xefe/a servizo grupo técnico	2,00	2,00
Grupo técnico función administrativa	1,00	1,00
Tco. Sup. sistemas e tecn. Infor	4,00	4,00
Grupo xestión función administrativa	2,00	1,85
Xefe/a de grupo-subgrupo C1	2,00	2,00
Grupo administrativo	7,03	8,00
Tec. Espec. en Sistemas e Tecnoloxías da información	4,86	3,98
Grupo Auxiliar da Función Adtva. Equipo Mecanizado	10,74	11,76
Enfermeiro/a base simple 061	81,99	81,48
Enfermeiro/a base dobre 061	18,97	20,50
Enfermeiro/a consulta sanitaria 061	14,42	15,72
Xefe/a servizo con C.E.	3,00	3,00
Xefe/a de base simple 061	2,00	2,00
Xefe/a de base dobre 061	1,00	1,00
Médico/a asistencial base simple 061	59,34	59,65
Médico/a asistencial base dobre 061	17,47	17,59
Xefe/a de sala do 061	9,00	9,00
Médico/a coordinador 061	39,31	38,83
<b>Total...</b>	<b>289,13</b>	<b>292,34</b>




Segundo o Cadro de persoal aprobado pola Consellería de Facenda e Administración Pública acendeu en 2022 a **272 efectivos**.



Código	Categoría	Postos
D-A1-59	Director/a 061	1
D-A1-56	Director/a Asistencial	1
D-A1-58	Director/a Coordinación sanitaria	1
D-A1-57	Director/a Xestión e S.X	1
DA-A2-28	Subdirector/a procesos asistenciais área de enfermaría	1
G-3-09	Técnico de xestión	2
G-7-08	Oficial adtvo.Responsable área	1
G-7-09	Oficial adtvo.Responsable	1
N-A1-01	Xefe/a servizo grupo técnico	4
N-A1-05	Grupo técnico función administrativa.	5
N-A1-08	Tco. Sup. sistemas e tecn. Infor.	4
N-A2-09	Grupo xestión función administrativa	1
N-C1-02	Xefe/a de grupo-subgrupo C1	2
N-C1-05	Grupo administrativo	8
N-C1-12	Tco. Espec. en Sistemas e Tecnoloxías da Información	4
N-C2-09	Grupo Auxiliar da Función Adtva. Equipo Mecanizado	12
S-A2-50	ATS/DUE base simple 061	72
S-A2-51	ATS/DUE base dobre 061	18
S-A2-53	ATS/DUE consulta sanitaria 061	7
SF-A1-04	Xefe/a servizo con C.E.	3
SF-A1-30	Xefe/a de base simple 061	10
SF-A1-31	Xefe/a de base dobre 061	2
SF-A1-32	Médico/a asistencial base simple 061	50
SF-A1-33	Médico/a asistencial base dobre 061	16
SF-A1-34	Xefe/a de sala do 061	11
SF-A1-35	Médico/a coordinador 061	34
<b>Total...</b>		<b>272</b>





E os gráficos da súa distribución por estamentos profesionais, idade ou sexo, son os que seguen:





## 1.6. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

A Conta de Resultados do exercicio 2022 arroxa a seguinte información:

Descrición	2022	2021
<b>A) EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		
<b>1. Ingresos da entidade pola actividade propia</b>	<b>71.432.466,73</b>	<b>68.669.653,04</b>
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados ao excedente do exercicio	71.432.466,73	68.669.653,04
<b>2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mer.</b>	<b>6.652.289,51</b>	<b>5.919.854,27</b>
<b>6. Aprovisionamentos</b>	<b>-54.248.930,23</b>	<b>-52.572.611,30</b>
<b>8. Gastos de persoal</b>	<b>-21.553.955,63</b>	<b>-20.868.968,78</b>
a) Soldos e Salarios	-18.408.634,95	-17.712.078,32
b) Cargas sociais	-3.145.320,68	-3.156.890,46
<b>9. Outros gastos da actividade</b>	<b>-1.127.663,16</b>	<b>-692.530,04</b>
a) Servizos exteriores	-1.067.034,97	-1.036.506,98
b) Tributos	-1.602,53	-38,13
c) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	-59.025,66	344.015,07
<b>10. Amortización do inmovilizado</b>	<b>-133.616,51</b>	<b>-291.878,96</b>
<b>11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio</b>	<b>48.709,61</b>	<b>121.134,60</b>
<b>12. Exceso de provisións</b>	<b>6.473,25</b>	<b>0,00</b>
<b>13. Deterioro e resultado por alleamentos do inmovilizado</b>	<b>0,00</b>	<b>-88,47</b>
b) Resultados por alleamentos e outras	0,00	-88,47
<b>15. Outros resultados</b>	<b>6.199,02</b>	<b>-361.878,29</b>
a) Gastos excepcionais	-1.258,81	-406.723,92
b) Ingresos excepcionais	7.457,83	44.845,63
<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE</b>	<b>1.081.972,59</b>	<b>-77.313,93</b>
<b>17. Gastos financeiros.</b>	<b>0,00</b>	<b>-128,64</b>
b) Por débedas con terceiros.	0,00	-128,64





A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	-128,64
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	1.081.972,59	-77.442,57
A.4) EXCEDENTE DO EXERCICIO PROCEDENTES DAS OPERACIÓNS CONTINUADAS	1.081.972,59	-77.442,57
A.5 VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO	1.081.972,59	-77.442,57
D. RECLASIFICACIÓNS AO EXCEDENTE DO EXERCICIO		
3. Subvencións recibidas	-48.709,61	-121.134,60
D.1. VARIACIÓNS DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO	-48.709,61	-121.134,60
E. VARIACIÓNS DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE AO PATRIMONIO NETO	-48.709,61	-121.134,60
J. RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO	<b>1.033.262,98</b>	<b>-198.577,17</b>

Por outra banda, a comparativa entre a previsión recollida no Programa de Actuación, Investimento e Financiamento 2022, os gastos e ingresos realmente executados son os seguintes:

Descrición	PAIF 2022	EXECUCIÓN REAL A 31/12/22
<b>A) EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		
<b>1. Ingresos da entidade pola actividade propia.</b>	71.432.211,64	<b>71.432.466,73</b>
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados ao excedente do exercicio.	71.432.211,64	71.432.466,73
<b>2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil.</b>	<b>6.101.500,00</b>	<b>6.652.289,51</b>
<b>6. Aprovisionamentos.</b>	<b>-54.237.029,44</b>	<b>-54.248.930,23</b>
<b>8. Gastos de persoal.</b>	<b>-22.015.712,47</b>	<b>-21.553.955,63</b>
a) Soldos e salarios.	-18.844.285,94	-18.408.634,95
b) Cargas sociais.	-3.171.426,53	-3.145.320,68
<b>9. Outros gastos da actividade.</b>	<b>-1.148.113,04</b>	<b>-1.127.663,16</b>
a) Servizos exteriores.	<b>-1.148.053,04</b>	-1.067.034,97
b) Tributos.	<b>-60,00</b>	-1.602,53







c) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais.	0,00	-59.025,66
<b>10. Amortización do inmovilizado.</b>	<b>132.856,69</b>	<b>-133.616,51</b>
<b>11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio.</b>	<b>0,00</b>	<b>48.709,61</b>
<b>12. Exceso de provisións</b>	0,00	<b>6.473,25</b>
<b>15. Outros resultados.</b>	0,00	<b>6.199,02</b>
a) Gastos excepcionais.	0,00	-1.258,81
b) Ingresos excepcionais.	0,00	7.457,83
<b>A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>0,00</b>	<b>1.081.972,59</b>
<b>16. Ingresos financeiros.</b>	0,00	0,00
<b>17. Gastos financeiros.</b>	0,00	0,00
<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS.</b>	0,00	<b>0,00</b>
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS</b>	<b>0,00</b>	<b>1.081.972,59</b>
<b>A.4) EXCEDENTE DO EXERCICIO PROCEDENTE DAS OPERACIÓNS CONTINUADAS.</b>	<b>0,00</b>	<b>1.081.972,59</b>




## GRÁFICOS DO BALANCE E DA CONTA DE RESULTADOS 2022






### CONTA DE RESULTADOS 2022 GASTOS



### CONTA DE RESULTADOS 2022 INGRESOS



## 2. DATOS DA ACTIVIDADE DURANTE O ANO 2022

### 2.1. RESUMO DA ACTIVIDADE DA FPUSG-061

A FPUSG-061 xestiona e desenvolve os labores asistenciais a través dunha central de coordinación que xestiona e resolve a asistencia sanitaria ás urxencias e ás emerxencias, ao tempo que ofrece o servizo de consulta sanitaria.

A Fundación dispón da rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 (RTSUG-061), composta por todas as unidades de soporte vital básico e avanzado, garante da cobertura sanitaria a toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 2.1.1. CENTRAL DE COORDINACIÓN

A Central de Coordinación constitúe o eixo básico de articulación do sistema de intervención nos casos de emerxencia médica. É aquí onde se reciben as chamadas, se analiza a información obtida e, se a urxencia o require, de onde parten as ordes para a mobilización dos recursos móbiles da FPUSG-061.

A Central de Coordinación dispón do seguinte persoal:

- Médicos coordinadores: encargados de dar a resposta sanitaria máis axeitada, optimizando a xestión dos recursos dispoñibles. Caracterízanse polo carácter xestor da súa actividade e a súa capacidade asistencial directa. Poden ocupar os seguintes postos: xefe de sala, MER (médico de emerxencias) e médicos consultores.
- Enfermeiros consultores: atenden as urxencias de enfermaría e gran parte da asesoría sanitaria da poboación.
- Formadores: supervisan o traballo dos teleoperadores e locutores e danlle apoio ao médico xefe de sala.

E, contratados pola empresa adxudicataria da prestación do servizo de operación telefónica, tamén dispón de xestores telefónicos:

- Teleoperadores (reciben e clasifican a chamada).
- Locutores (mobilizan os recursos segundo o criterio médico e fan o seu seguimento).

A aplicación informática principal é o aplicativo ACORDE (aplicación para a coordinación de emerxencias), de deseño e desenvolvemento propio, que permite a xestión no ámbito informático de toda a actividade dende a entrada da chamada ata a finalización do proceso asistencial.





Por outra banda, todas as ambulancias da RTSUG-061 levan instalados sistemas de localización GPS, o que lle permite á Central de Coordinación levar a cabo un control da frota dos seus vehículos.

Dende a Central de Coordinación da FPUSG-061 danse as seguintes respostas ás demandas da poboación:

- Emerxencia.
- Urxencia.
- Transporte urxente.
- Visita domiciliaria.
- Consulta médica (prioridades 1, 2 e 3).
- Transporte secundario.
- Derivación a Atención Primaria.
- Derivación telefónica a Atención Primaria.
- Información breve.


A FPUSG-061 foi, ademais, incorporando á oferta da súa carteira de servizos actividades relacionadas coa consulta e a asesoría sanitaria, a educación para a saúde e a prevención de enfermidades.

### Actividade global ano 2022:

Total de chamadas	Media diaria	Demanda	Media diaria
1.198.907	3.285	665.039	1.822




### Distribución anual de chamadas:



### Xestión e resolución dos procesos asistenciais:

As chamadas recibidas xeraron no ano 2022 un total de 541.916 procesos asistenciais que se resolveron:





### 2.1.2. REDE DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DE GALICIA-061

A FPUSG-061 xestiona un conxunto de recursos de soporte vital avanzado (SVA) e soporte vital básico (SVB), que constitúen a RTSUG-061. A cal dá cobertura a toda a Comunidade Autónoma de Galicia, e está formada polos seguintes recursos asistenciais:

- **2 helicópteros medicalizados** nas cidades de Santiago e Ourense, dotados de persoal facultativo e de enfermaría, e co equipamento necesario para a realización de soporte vital avanzado.

Son aeronaves cuxo equipamento permite prestar asistencia médica in situ e transporte sanitario urxente a pacientes críticos, no menor tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para a realización das manobras de SVA.

O equipamento sanitario dos helicópteros medicalizados é similar ao equipamento das unidades terrestres e o equipo humano que integra cada helicóptero medicalizado está formado por:

- Un médico experimentado en asistencia á urxencia e emerxencia.
- Un enfermeiro experimentado en asistencia á urxencia e emerxencia.
- Un comandante piloto.
- Un copiloto.

Prestan servizo de orto a ocaso os 365 días do ano en toda a Comunidade galega.

- **16 ambulancias de soporte vital avanzado (AA-SVA)**, todas elas co material necesario para prestar soporte vital avanzado, co seguinte detalle:
  - 12 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, persoal médico e de enfermaría.
  - 4 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias e persoal de enfermaría.

As ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA) son recursos que proporcionan asistencia e transporte sanitario urxente á urxencia e á emerxencia extrahospitalaria, con capacidade para aplicar manobras de soporte vital avanzado e coidados especializados a pacientes críticos e para asistilos durante o traslado ao centro sanitario axeitado.





A prestación do servizo realízase mediante contratos administrativos con empresas especializadas do sector do transporte sanitario, as cales provén tanto os vehículos (ambulancias), os distintos equipos de electromedicina e o resto de aparellos

necesarios para a prestación de asistencia en ruta, recollida nos pregos de contratación, como do persoal non sanitario (condutores e axudantes de transporte sanitario).

O equipamento sanitario das AA-SVA é similar ao equipamento das unidades de coidados intensivos.

As AA-SVA poden ser:

- AA-SVA medicalizadas, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, persoal médico e de enfermaría. O persoal sanitario (médico e enfermeiro) das AA-SVA, é persoal estatuario, que depende directamente da FPUSG-061 e trátase de persoal con capacitación específica na atención á urxencia e á emerxencia.  
O equipo humano que integra as ambulancias asistenciais de SVA consta de:
  - Un médico experimentado na atención en urxencias e emerxencias.
  - Un enfermeiro experimentado na atención en urxencias e emerxencias.
  - Un ou dous técnicos en emerxencias sanitarias (TES) coa categoría de condutor e axudante.
- AA-SVA de enfermaría, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias e persoal de enfermaría. O persoal sanitario de enfermaría, é persoal estatuario, que depende directamente da FPUSG-061 e trátase de persoal con capacitación específica na atención á urxencia e á emerxencia.  
O equipo humano que integra as ambulancias asistenciais de SVAE consta de:
  - Un enfermeiro experimentado na atención en urxencias e emerxencias.
  - Un técnico en emerxencias sanitarias (TES) coa categoría de condutor.
- **107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico (AA-SVB)**, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, e o equipamento necesario para prestar soporte vital básico.
- **2 ambulancias convencionais (AC)**, localizadas en Folgoso do Caurel e Pedrafita do Cebreiro, dotadas de desfibrilador semiautomático (DESA) e material de inmovilización.

As ambulancias asistenciais de soporte vital básico da RTSUG-061 son vehículos de asistencia e transporte sanitario urxente capaces de prestar SVB e desfibrilación con DESA.





O equipamento e as características técnicas das ambulancias asistenciais de soporte vital básico é supervisado pola FPUSG-061 de forma periódica, co fin de garantir que en todo momento as ambulancias cumpran cos requisitos de calidade esixidos nos pregos de contratación.

A FPUSG-061 conta con 91 bases asistenciais, nas que están situadas 107 AA-SVB e 2 AC, distribuídas pola xeografía galega.

A localización das bases das AA-SVB é a seguinte:

- Provincia da Coruña (32 bases con 38 vehículos): Padrón, Ribeira, Boiro, Noia, Muros, Negreira, Santiago (2), Arzúa, Melide, Ordes, Cerceda, Oleiros, Betanzos, A Coruña (3+1\*), Carballo (2), Ponteceso, Vimianzo, Cee, Ferrol (2), Pontedeume, Cedeira, Ortigueira, As Pontes, Santa Comba, Mazaricos, Sada, Arteixo, Curtis, Cariño, Cambre, Narón\* e Rianxo\*.
- Provincia de Lugo (21 bases con 22 vehículos): Chantada, Monforte, Quiroga, Becerreá, Navia de Suarna, Sarria, Lugo (2), Palas de Rei, O Corgo, A Fonsagrada, A Pontenova, Meira, Guitiriz, Vilalba, Mondoñedo, Ribadeo, Foz\*, Burela, Viveiro, Pedrafita do Cebreiro e Folgoso do Courel.
- Provincia de Ourense (14 bases con 17 vehículos): O Barco, A Gudiña, Castro Caldelas, Verín, Maceda, A Pobra de Trives, Allariz, Bande, O Carballiño (1+1\*), Xinzo de Limia, Celanova, Ribadavia, Ourense (2+1\*) e Viana do Bolo.
- Provincia de Pontevedra (24 bases con 32 vehículos): Lalín, Caldas de Reis, A Estrada, Vilagarcía de Arousa (1+1\*verán), Cambados, Sanxenxo, Pontevedra (2), Cangas, Nigrán, Tui, O Porriño, Pontearreas (2), A Cañiza, Redondela, Vigo (3+3\*\*), A Guarda, Marín, Silleda, O Grove, Bueu, Baiona, Moaña, Arbo\* e Tomiño\*.

(\* ) Nas unidades sinaladas o seu horario de servizo é de 12 horas.

(\*\*) No caso de Vigo as unidades sinaladas teñen unha dispoñibilidade de 14 horas.




Recursos mobilizados en urxencias/emergencias:


Tipo de recurso	Mobilizacións totais	Media diaria
Ambulancias asistenciais SVB.	286.466	784,84
Ambulancias asistenciais SVA medicalizadas.	20.996	57,52
Ambulancias asistenciais SVA enfermaría.	6.574	18,01
Helicópteros medicalizados.	1.047	2,87

\* Unicamente contabilízanse os recursos que asisten no punto


Tipo de demanda nas mobilizacións por emerxencia das unidades de soporte vital avanzado (SVA):



### AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DE SVA ENFERMARÍA



### HELICÓPTEROS MEDICALIZADOS



Porcentaxe de poboación cuberta polas ambulancias de soporte vital básico en menos de 15 minutos (mobilización-asistencia): **99,60 %**



## Resolución nas unidades de soporte vital avanzado:

Tipo de asistencia	SVA medicalizada	Helicóptero	SVA enfermaría
Asistencia in situ	29,3%	17,6%	20,5%
Traslado hospital	63,80 %	58,7%	73,3%
Traslado centro de saúde	0,2%	0%	3,3%
Traslado por outro recurso	6,6%	23,6%	2,7%

### 2.1.3. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

A FPUSG-061 conta cun centro de formación en medicina de urxencias, emerxencias e catástrofes, estruturado de forma descentralizada por toda Galicia, a través da comisión de docencia, con unha referencia nas oficinas centrais no CIAE (Centro de Atención Integral ás emerxencias) situado en A Estrada, onde se atopa a secretaría técnica e a xefatura do servizo.

Entre as súas principais funcións están:

- Adestrar o persoal sanitario tanto interno como externo para manter un elevado nivel de capacitación e mellorar os resultados da asistencia.
- Desenvolver accións formativas sistemáticas dirixidas á poboación xeral, primeiros intervenientes e a outros profesionais sanitarios.
- Perfeccionar a formación mediante a evidencia científica obtida a través da súa análise comparativa e dos resultados asistenciais obtidos.

Ao longo de 2022 impartíronse un total de **426** cursos de formación, implicando a un total de **3.680** alumnos cunha carga docente total de **17.335** horas impartidas.


Dende a creación do centro de formación impartíronse **269.660** horas de clase en **6.185** accións formativas, a un total de **105.465** alumnos.





O gráfico da actividade formativa é o seguinte:

### Evolución do número de cursos impartidos



## 2.2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

De conformidade co sinalado no Plan Estratéxico 2018-2021 da FPUSG-061, o cal resulta de aplicación para o período 2022-2023 por canto o novo Plan Estratéxico ten como horizonte temporal: 2024-2028, os indicadores estratéxicos son os que a continuación sinálanse:

- A. Satisfaccións das necesidades sanitarias da poboación
- B. Integración proactiva coa estratexia do SERGAS
- C. Compromiso coa excelencia na xestión
- D. Visibilidade na sociedade
- E. Xestión eficiente de alianzas e recursos
- F. Xestión das persoas



### 2.3. OBXECTIVOS OPERATIVOS

Definidos no Plan Estratéxico 2018-2021 da FPUSG-061, e entre eles selecciónanse os seguintes:

- AA.** Innovar e adaptar a carteira de servizos.  
Número de proxectos para novos servizos ou programas (ou revisións de existentes) promovidos pola FPUSG-061.
- AB.** Optimizar a adecuación da atención.  
Satisfacción co tempo de espera para ser atendido. (%)
- AC.** Potenciar a accesibilidade.  
Chamadas perdidas da liña 061. (%)
- BA.** Liderar o desenvolvemento de procesos tempo dependentes integrados.  
Grao de implantación do proceso integral de atención ao trauma grave nas áreas sanitarias. (%)
- BB.** Coordinación con outros niveis asistenciais.  
Disponibilidade de informática embarcada nos vehículos de SVA (aéreas e terrestres). (%)  
Participación de representantes da FPUSG-061 en grupos de traballo/foros SERGAS en temas relacionados coa urxencia: nº de grupos nos que participa a FPUSG-061.
- CA.** Avanzar na xestión por procesos.  
Procesos sistematizados/ano (% fichas de proceso elaboradas).
- CB.** Orientación a resultados.  
Cumprimento da planificación estratéxica (indicadores estratéxicos) (%)
- DA.** Estratexia da comunicación externa.  
Número de visitas á páxina Web (incremento respecto o ano 2017).
- EA.** Manter o equilibrio orzamentario.  
Conta de resultados: diferenza entre ingresos e gastos. (%)
- EB.** Manter a autoxestión.  
Incremento porcentual dos ingresos da FPUSG-061 (metas en relación co exercicio anterior). (%)



**EC.** Aliñar provedores coa estratexia.

Cumprimento dos obxectivos de calidade dos provedores clave (transporte terrestre e operación telefónica). (%)

**FA.** Mellorar a comunicación interna.

Satisfacción do persoal coa comunicación interna e a coordinación entre áreas. (Enquisa de clima laboral).

**2.4. ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO 2022**

Código	Actuación.
001AC	Implementación de melloras tecnolóxicas no tratamento das chamadas telefónicas
001AA	Novo deseño de recrutamento de pacientes dos programas (alerta corazón, alerta escolar...)
001BB	Guía de mobilización de recursos
001AB	Guía de consultoría telefónica
002BB	Incrementar a colaboración con hospitais. Códigos asistenciais en patoloxías tempo-dependentes (código trauma)
003BB	Desenvolvemento do transporte crítico interhospitalario
001CA	Desenvolvemento de procedementos asistenciais en novos recursos ( SVAE)
002AB	Dispositivo Xacobeo 2021 (segundo evolución da pandemia)
003AB	Plan de formación en urxencias e emerxencias extrahospitalarias (interno e externo)
004AB	Optimización do rexistro autonómico de DESA externos
001BA	Difusión do proceso asistencial en incidentes de múltiples vítimas
002AC	Colaboración con xestores de chamadas externos na pandemia COVID-19 (900, CSC)
002AA	Implantación da facturación electrónica
001EC	Avanzar na tramitación electrónica dos expedientes e nas comunicacións con terceiros , en cumprimento da Lei 39/2015



## 2.5. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA


Atendendo á data de formalización dos contratos, atopámonos que no ano 2022 tramitáronse os seguintes contratos:


- 207 contratos menores
  - 2 contratos menores con publicidade
  - 205 contratos menores sen publicidade
    - 9 contratos menores
    - 196 contratos menores/pedidos
- 6 contratos en procedemento aberto

TIPO	PORCENTAXE	IMPORTE
Aberto	33,27%	123.764,84
Menor	66,73%	248.277,27

O Orzamento total adxudicado en 2022: **245.201,34 €**, aínda que, tendo en conta aquelas facturas que cumpren os requisitos de contrato menor, pero para as que non se tramitou un expediente, senón que foron como "pedidos", o importe acende a **372.042,11 €**.

De conformidade cos gráficos que achéganse, a comparativa da contratación co ano 2021 é a que segue:





## 2.6. INGRESOS DA FUNDACIÓN POLA SÚA ACTIVIDADE



No relativo aos ingresos derivados de vendas e prestacións de servizos das actividades propias, o seu detalle é o seguinte:

CONCEPTO	2021	2022
Convenio Unespa lesionados en accidentes tráfico	2.855.763,08	3.340.255,02
Prezo público asistencia sanitaria	3.050.623,29	3.296.708,58
Prezo público VIPS	0,00	1.577,14
Formación	12.062,00	13.542,00
Outros ingresos: intereses de demora	1.405,90	206,77
<b>Total</b>	<b>5.919.854,27</b>	<b>6.652.289,51</b>

## 2.7. CONVENIOS FORMALIZADOS EN 2022

- Convenio de colaboración entre o SERGAS, a FPUSG-061, AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, CONCESIONARIA ESPAÑOLA, S.A.U, e as empresas concesionarias do transporte sanitario urxente terrestre., para facilitar o transito de ambulancias asistenciais a través das autoestradas de peaxe, asinado con data 26 de decembro de 2022.
- Protocolo Xeral de Colaboración entre a Universidade de Coruña e a FPUSG-061 para fomentar o intercambio de experiencias e de persoal nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral, de data 2 de febreiro de 2022
- Acordo de Colaboración entre a FPUSG-061, e a FUNDACIÓN HOSPITALARIA DE LA ORDEN DE MALTA EN ESPAÑA, para a posta en marcha dun dispositivo de asistencia sanitaria a peregrinos, de data 18 de marzo de 2022
- Memorando de entendemento entre o Instituto Nacional de Emerxencia Médica de Portugal, a Conselleria de Sanidade da Xunta de Galicia sobre asistencia sanitaria urxente de data 7 de decembro de 2022.



### 3. ANÁLISE DO GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS NO ANO 2022

Segundo os indicadores recollidos no Programa de Actuación, Investimento de Financiamento do exercicio 2022 da Fundación, o cumprimento ou incumprimento dos indicadores previstos no Orzamento, son os seguintes:

DESCRIPCIÓN INDICADOR	PREVISIÓN NO ORZAMENTO	Alcanzado	% cumprimento
Nº de proxectos para novos servizos ou programas (ou revisións de existentes)	4	4	100%
Chamadas perdidas da liña 061. (%)	3%	1,9%	100%
Satisfacción do tempo de espera para ser atendido	90 %	86,6%	96,22%
Grado de implantación do proceso integral código trauma	100 %	Proxecto xestionado polo Sergas	0 %
Dispoñibilidade. informática embarcada nos vehículos SVA	100 %	85,7%	85,7%
Conta de resultados: diferenza entre ingresos e gastos. (%)	<1,5%	1,38%	100%
Participación representantes FPUSG-061 grupos traballo Sergas	5	6	100%
Cumprimento planificación estratéxica (%)	76%	86,2%	100%
Nº visitas a paxina web ( <i>incremento respecto 2017</i> )	2,5%	-1,36%	0%
Satisfacción do persoal coa comunicación interna e a coordinación entre áreas.	≥5,5	7	100%
Incremento anual ( <i>respecto ao exercicio anterior</i> ) de procesos asistenciais xestionados pola CCUSG-061 transferidos por servizos no sanitarios	<0,5%	1,48%	0 %
Cumprimento obxectivos de calidade dos provedores clave (operación telefónica y transporte)	80	95,64%	100%
Procesos sistematizados/ano (%)	100%	100%	100%





Como pode observarse, algúns dos indicadores non foron alcanzados no 100 %, aínda que o seu porcentaxe achegase case ao 100 %, agás o relativo ao grado de implantación do proceso integral do código trauma, posto que o mesmo non depende soamente da FPUSG-061, senón tamén do SERGAS, e está pendente de cerrar o protocolo para a súa implantación en todo o Servizo Galego de Saúde. Tampouco alcanzouse no relativo ao incremento de visitas á páxina web, de conformidade cos datos obtidos da nosa páxina web o número de visitas no ano 2022 foi de 104.795 tendo en conta que no ano 2017 as visitas foron de 106.245, o porcentaxe de descenso é do 1,36 %. Os datos son facilitados polo departamento de tecnoloxía a través da ferramenta Google Analytics.. E por último non se cumpriu no relativo ao incremento de servizos asistenciais xestionados pola CCUSG-061, por canto no ano pasado aumentaron os servizos asistenciais transferidos por servizos non sanitarios como o 112.

#### 4. RESUMO EXECUTIVO

##### INDICADORES DO SISTEMA PÚBLICO

- Número de chamadas recibidas no ano 2022 na Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061: **1.198.907**
- Número de servizos sanitarios prestados no ano 2022 con ambulancias de soporte vital avanzado y soporte vital básico: **326.984**
- Porcentaxe de poboación cuberta no ano 2022 polas ambulancias de soporte vital básico en menos de 15 minutos ( mobilización-asistencia): **99,60 %**

##### ORGANIGRAMA

- Dirección
- Dirección de Xestión e Servizos Xerais
- Dirección de Coordinación
- Dirección Asistencial

##### COMPETENCIAS:

I. A xestión e coordinación das demandas de asistencia sanitaria nos casos de emerxencia ou urxencia.

II. A xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente

III. O asesoramento médico telefónico





IV. A organización e asesoría en materia de dispositivos sanitarios preventivos

V. A formación e investigación en materia de coordinación e asistencia sanitaria urxente.

## OBXECTIVOS BÁSICOS NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

A. Satisfaccións da necesidades sanitarias da poboación.

B Integración proactiva coa estratexia do Sergas.

C Compromiso coa excelencia na xestión.

D Visibilidade na sociedade.

E Xestión eficiente de alianzas e recursos.

F Xestión das persoas.

## RECURSOS HUMANOS:

Segundo o Cadro de persoal aprobado pola Consellería de Facenda e Administración Pública acendeu en 2022 a **272 efectivos**.

## ORZAMENTO:

## ESTADO DE GASTOS:


CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	2022
<b>I: GASTOS PERSOAL</b>	<b>PERSOAL</b>	<b>22.015.712,47</b>
<b>II: GASTOS CORRENTES</b>	<b>APROVISIONAMENTOS:</b>	<b>54.237.029,44</b>
	Transporte sanitario urxente terrestre	49.143.490,66
	Transporte sanitario urxente aéreo	2.270.450,04
	Servizo de operación telefónica	2.817.906,31
	Outros aprovisionamentos	5.182,43
<b>II: GASTOS CORRENTES</b>	<b>SERVIZOS EXTERIORES</b>	<b>1.148.053,04</b>



	TRIBUTOS	60,00
	AMORTIZACIÓNS	132.856,69
<b>TOTAL</b>		<b>77.533.711,64</b>

#### ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	2022
<b>III: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>	Ingresos actividade propia	6.101.500,00
<b>IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	Subvención explotación SERGAS	71.432.211,64
<b>TOTAL</b>		<b>77.533.711,64</b>



#### DATOS XERAIS DE ACTIVIDADE

**1. Contratos:** Atendendo á data de formalización dos contratos, atopámonos que no ano 2022 tramitáronse os seguintes contratos:

- 207 contratos menores
  - 2 contratos menores con publicidade
  - 205 contratos menores sen publicidade
    - 9 contratos menores
    - 196 contratos menores/pedidos
- 6 contratos en procedemento aberto



TIPO	PORCENTAXE	IMPORTE
Aberto	33,27%	123.764,84
Menor	66,73%	248.277,27

O Orzamento total adxudicado en 2022: **245.201,34 €**, aínda que, tendo en conta aquelas facturas que cumpren os requisitos de contrato menor, pero para as que non se tramitou un expediente, senón que foron como "pedidos", o importe acende a **372.042,11 €**.

## 2. Convenios:

Número de convenios, ou acordos de colaboración asinados no ano 2022: **4**

### PRINCIPAIS OBXECTIVOS NO PEG

**OE 1.4.1.** Promover a atención integral da saúde adaptada ás diferentes necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para promover o coidado domiciliario e unha teleasistencia que permiten brindar un mellor servizo de saúde a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio:

- Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación, con intervencións que incrementen a calidade asistencial e a seguridade do paciente.
- Medidas eficientes de xestión dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.
- Garantir a prestación servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos

**OE.4.2.01** Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuarios/as destes servizos e como consumidores dunha oferta cultural de calidade

A Estrada, na data sinalada no marxe deste documento asinado electronicamente  
A Directora da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061  
Asdo. Adriana Regueira Pan

